

**DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS**

**MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO**

Paseo de la Castellana, 95 28046 Madrid

**Código de Avaluación Ambiental: 20210438. Código para o Órgano Substantivo: CHIDR-035**

**Título do proxecto: PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN, SITUADO NOS TERMOS MUNICIPAIS DE CARRAL E CERCEDA (A Coruña)**

**Órgano Substantivo: DIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICA ENERGÉTICA Y MINAS. MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO.**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número  
\_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_,  
provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista do **PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN, SITUADO NOS TERMOS MUNICIPAIS DE CARRAL E CERCEDA (A Coruña)**, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

**PRIMEIRA.- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.**

“Artigo 2

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.
2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.

“Artigo 6

*1. Con respecto ás zonas especiais de conservación, os Estados membros fixarán as medidas de conservación necesarias que implicarán, no seu caso, adecuados plans de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, e as apropiadas medidas regulamentarias, administrativas ou contractuais, que respondan as esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais do Anexo I e das especies do Anexo II presentes nos lugares.*

*2. Os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar, nas zonas especiais de conservación, a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivasen a designación das zonas, na medida en que ditas alteracións poidan ter un efecto apreciable no que respecta a os obxectivos da presente Directiva.*

*3. Calquera plan ou proxecto que, sen ter relación directa coa xestión do lugar ou sen ser necesario para a mesma, poida afectar de forma apreciable aos citados lugares, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans e proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en cuenta os obxectivos de conservación do devandito lugar. Á vista das conclusións da avaliación das repercusións no lugar e supeditado ao disposto no apartado 4, as autoridades nacionais competentes só se declararán de acordo con devandito plan ou proxecto tras asegurarse de que non causará prexuízo á integridade do lugar en cuestión e, se procede, tras sometelo a información pública”.*

## SEGUNDA.- INCOMPATIBILIDADE DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO COS USOS ACTUAÍS DO LAGO DAS ENCROBAS

A existencia do Dominio Público Hidráulico responde á necesidade de garantir unha protección para os recursos hídricos e o seu ecosistema.

A Resolución do 18 de xuño de 2008 pola que se acordaba dar publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, relativa ao enchido con auga do oco da mina de Meirama, no municipio de Cerceda (A Coruña), promovido pola empresa Lignitos de Meirama, S.A. (Clave 2005/0162) (DOG Núm. 64, de 02 de abril de 2009) indicaba con respecto aos posibles usos do lago:

“2.6. Sobre os posibles usos do lago.

Os posibles usos do futuro lago deberán ser coherentes coas características ambientais deste unha vez finalizado o proceso de enchido, garantindo a conservación do ecosistema e da paisaxe e tendo en conta que, en todo caso, estarán suxeitos á normativa que para cada uso concreto resulte de aplicación”.

Posteriormente o DOG Núm. 200, de 18 de outubro de 2013 publicaba o Anuncio de Augas de Galicia do 20 de maio de 2019 polo que se sometía a exposición pública a proposta de deslindamento do dominio público hidráulico no lago da mina de Meirama e documentación relacionada con esta.

Por outra banda a Resolución do 4 de outubro de 2013 sometía a información pública o proxecto construtivo de execución da obra hidráulica de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama, fase I (Cerceda-A Coruña).

Augas de Galicia tramitou o expediente de declaración de interese da Comunidade Autónoma da obra de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama. Fase I. Cerceda (A Coruña), de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Este proxecto de abastecemento, que non se atopaba incluído no Plan hidrolóxico para a demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, comprendía a execución de toma de auga, falso túnel, cámara de válvulas, túnel que comunique o novo lago de Meirama co río Barcés e obra de restitución, reforzando o sistema de abastecemento da área metropolitana da Coruña cun volume adicional de regulación de 24 hm<sup>3</sup>.

A actuación hidráulica e cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixía 3 condicións (medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos), tema prioritario ou medida 45 (xestión e distribución de auga potable), actuación 3.45.2 (renovación, mellora, optimización e desenvolvemento de novas infraestruturas de abastecemento tales como presas, pequenos encoros, captacións, depósitos reguladores, estacións de tratamento de augas potables, redes de distribución e sistemas de automatización e control).

A Xunta de Galicia publicaba pois o proxecto de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama. Fase I. Cerceda (A Coruña), de clave OH.115.1072, para os efectos da declaración de interese da comunidade autónoma e a aprobación do proxecto.

Esta actuación hidráulica perseguía:

1. Unha aposta pola integración da paisaxe e a sustentabilidade e recuperación ambiental.
2. Blindar o abastecemento futuro da área metropolitana da Coruña, ao dar resposta ás previsións de incremento da poboación e de actividade económica e ás necesidades de posibles conexións de novos núcleos á rede de abastecemento, co investimento de preto de dous millóns de euros na execución dunha captación de 15 metros de profundidade, que permitiría conectar este lago de Meirama co río Barcés.
3. Dobrar a actual capacidade de Cecebre, é dicir, asegurar a subministración de auga para unha poboación de ata 560.000 habitantes no horizonte de 2035.

A II Fase desta actuación hidráulica aínda non está executada.

Evidénciase un interese autónómico acreditado da necesidade de xestión da auga do lago das Encrobas para a distribución de auga potable. Este uso tamen é compatible cos usos ambientais e recreativos actuais e potenciais do lago.

En canto ao actual uso ambiental cómpre lembrar os datos que figuran non libro A biodiversidade no lago da mina de Meirama e a súa contorna, promovido e editado pola compañía enerxética Naturgy. A publicación ilustra, con fotografías os resultados da avaliación da biodiversidade no lago resultante da rehabilitación do oco mineiro e ou seu ámbito máis próximo. Os resultados foron obtidos tras un exhaustivo inventario zoolóxico e botánico levado a cabo polo equipo de especialistas da Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con, da universidade compostelá.

### **TERCEIRA.- AUSENCIA DE INTERÉS PÚBLICO AUTÓNOMICO OU UTILIDADE SOCIAL DO APROVEITAMENTO HIDROELÉCTRICO DO LAGO DAS ENCROBAS OU DE MEIRAMA**

A solicitude de concesión realizada pola mercantil promotora para o aproveitamento enerxético da auga do lago das Encrobas nin é un proxecto vertebrador nin ten unha clara incidencia territorial, nin ten outro beneficio económico ou social que o ánimo de lucro exclusivo dunha empresa privada.

A diferenza do uso común actual, onde conflúen usos compatibles (uso para o abastecemento humano de auga potable, o uso ambiental e recreativo), o uso privativo que solicita a mercantil promotora é exclusivo e excluínte, adquiríndose mediante o outorgamento pola Administración dunha concesión. O efecto esencial da concesión consiste en transferir o goce exclusivo dun ben de dominio público en detrimento dos intereses xerais.

A demanialidade implica unha vinculación do ben cunha finalidade de interese xeral que non se cumpre no caso da concesión solicitada.

### **CUARTA.- PREVALENCIA DOS USOS ACTUAIS E DO PRINCIPIO AMBIENTAL FRONTE O USO PRODUTIVISTA DA XESTIÓN DA AUGA. INCOMPATIBILIDADE CO USO ENERXÉTICO OU DE PRODUCCIÓN DE ENERXÍA.**

Augas de Galicia debe comprometerse a cumprir as obrigacións legais que establece a Directiva Marco da auga, a lei que establece a protección de ríos, humidaís e acuíferos como seguro para ter auga en cantidade e calidade.

Segundo a Directiva Marco da auga (DMA), os aproveitamentos hidroeléctricos dos ríos, lagos...etc. considéranse de natureza moi modificada debido a que, ben polo seu tamaño, pola lonxitude afectada ou polo forte efecto regulador que exercen, condicionan unha modificación nas masas de auga que pode considerarse estable e duradeira, chegando en ocasións a unha nova situación de equilibrio que se estima de reversibilidade complexa e socialmente indeseada.

De todas formas considérase que a alteración das condicións naturais dos aproveitamentos hidroeléctricos das masas de auga é tan forte que se considera que non poden alcanzar o bo estado ecolóxico segundo a definición da DMA. O obxectivo para estas masas é o de alcanzar o bo potencial ecolóxico.

A Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas establece no seu artigo 1 (Obxecto):

“O obxecto da presente Directiva é establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:

- a) preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidaís directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos;
- b) promova un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles;...”

A escaseza de auga prodúcese cando a demanda supera a dispoñibilidade dos recursos naturais.

• A escaseza de auga está a converterse nun fenómeno cada vez máis frecuente —e preocupante— que afecta, polo menos, ao 11% da poboación europea e ao 17% do territorio da UE.

• Desde 1980 aumentou o número de episodios de seca en Europa e ademais, foron máis acusados. Calcúlase que as secas tiveron un custo de 100000 millóns de euros nos últimos 30 anos.

• A sobreexplotación dos recursos hídricos é un problema serio na UE.

O cambio climático impón desafíos de fronte ao futuro.

Nas próximas décadas, o cambio climático exporá grandes retos á xestión da auga na UE. É probable que produza:

- Menores precipitacións en forma de choiva e temperaturas estivais máis altas, especialmente no Sur e o Leste, incrementando a presión sobre uns recursos xa escasos.

O Plan para salvagardar os recursos hídricos propón unha serie de medidas de eficiencia, como o cálculo do caudal ecolóxico (é dicir, a auga que necesitan os ecosistemas para sobrevivir); o desenvolvemento dunha contabilidade da auga que axude a asignar os recursos de forma máis eficiente; a reutilización da auga para a rega ou a industria; a medición e tarificación da auga, e os criterios de deseño ecolóxicos para produtos relacionados coa auga.... Etc.

Augas de Galicia non dispón arestora, ou alomenos non o fixo público, dun estudo serio e rigoroso da caracterización da masa de auga do lago das Encrobas ou Meirama nin dispón de datos científicos que garantan a suficiencia dos recursos hídricos deste, para o abastecemento da área metropolitana da Coruña nos vindeiros anos e o matemento das actuais condicións ambientais deste espazo.

#### **QUINTA.- APROVEITAMENTO NON PREVISTO NO PLAN HIDROLÓXICO GALICIA –COSTA.**

O aproveitamento hidroeléctrico das augas do lago das Encrobas non está previsto no actual Plan Hidrolóxico Galicia -Costa. Por estar, nin sequera figura o lago como masa de auga.

Esta omisión vulnera una mancha de normativa, non só referida ao Inventario de Humidais de Galicia senón tamen á participación pública da cidadanía en materia ambiental como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.

Non se pode autorizar a solicitude de concesión do aproveitamento hidroeléctrico en tanto en canto non se garanta o abastecemento da área metropolitana da Coruña a partir do lago artificial da central de Meirama e a execución da obra hidráulica da segunda fase.

□ A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

## **SEXTA.- A FALLA DE LICENCIA SOCIAL PARA A PRIVATIZACIÓN DUN BEN PÚBLICO COMO É A AUGA EN TEMPOS DE SECA E CAMBIO CLIMÁTICO ACELERADO**

As políticas de desenvolvemento sostible deben ser participativas (Declaración de Río, Principio 10). Un aspecto importante do desenvolvemento sostible refírese á xestión dos recursos hídricos. A participación pública pode entenderse como un dereito individual e de grupos sociais, como medio para empoderar aos individuos e grupos e como medio para mellorar a calidade e efectividade dos procesos de toma de decisións. Diversos instrumentos internacionais apoian a participación pública na xestión da auga. No plano comunitario, a Directiva Marco da auga (DMA) contén disposicións concretas sobre a participación pública neste terreo.

No presente caso débese ter en conta a oposición e a falla de licencia social a que se outorgue a concesión solicitada no expediente clave AC/11/177.

Débese ter en conta que a Segunda fase da obra hidráulica para o abastecemento de auga potable á área metropolitana da Coruña aínda está por executar e que as obras nin sequera están presupostadas nin licitadas.

## **SÉTIMA.- ANOS E ANOS DE SACRIFICIO DOS RÍOS LÍMITROFES PARA O ENCHIDO DO LAGO DAS ENCROBAS**

Desde marzo do 2008 non pararon as achegas de auga dos ríos limítrofes, un par deles en fervenza, así que tiveron 13 anos para asentarse o actual lago. Anos e anos de sacrificio dos ríos limítrofes e derivacións do caudal destes cara o lago para agora privatizar un ben público como é a auga do lago das Encrobas.

Gracias a este sacrificio a costa do dominio público hidráulico dos cauces limítrofes, agora o lago é una contorna cunha enorme diversidade de especies, tanto animais como vexetais. Por iso é polo que está vetado o acceso de vehículos con motor, e só pódese pasear a pé ou en bicicleta, nun treito de seis quilómetros e medio, que inclúe unha praia de case 400 metros. O lago, enchido coa achega dos ríos limítrofes e da choiva desde marzo do 2008 (antes foi unha mina de lignito desde 1980 que se tivo que restaurar a costa do sacrificio dos recursos hídricos do dominio público hidráulico adxacente), mide, en cifras redondas, 2,2 quilómetros de longo e un de ancho, e alcanza os 200 metros na zona máis profunda.

Se se quere apostar polo uso recreativo e turístico potencial deste espazo non se deberan admitir proxectos de privatización do mesmo.

## **OITAVA.- IMPACTOS AMBIENTAIS SEVEROS DO PROXECTO**

### **☞ ANÁLISE E IMPACTOS SEVEROS E IRREVERSIBLES DO PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA:**

A central aproveita como depósito inferior o lago das Encrobas e como depósito superior unha balsa de nova construción para un volume útil de 3,896 hm<sup>3</sup> e un volume total de 3,944 hm<sup>3</sup>.

O proxecto non só ten afeccións sobre o lago das Encrobas e a Área de Especial Interés Paisaxístico (AEIP) Monte Xalo (a escasos 100 metros) e Fosa do Coto de Guichar (tamén a escasos metros), lugares identitarios e peculiares para a poboación afectada. Tamén pretende construír unha gran presa que fará as funcións de almacenamento superior do novo aproveitamento, a instalación dunha liña eléctrica aérea de 220 kV, a construción de instalacións de condución de auga de ata 580 mm de diámetro e con afección a unha figura amparada pola UNESCO (Reserva da Biosfera).

Neste caso, os volumes estimados de desmonte e terraplén son de 1.288.240 m<sup>3</sup> e 791.000 m<sup>3</sup> respectivamente, requirindo ademais impermeabilizar unha superficie de 246.000 m<sup>2</sup> e con un movemento de terras estimado de 2.079.240 m<sup>3</sup>.

Considerando o mesmo deseño para a construción do circuíto hidráulico que o exposto para a alternativa 1 (en túnel e con central en caverna), neste caso necesitaríase unha cantidade de aceiro para as tubaxes de aproximadamente 1.180.000 kg, xa que a lonxitude do sistema estímase nun 2.300 m.

A balsa superior afectaría de maneira directa a 215.714 m<sup>2</sup> dos HIC 4020\*, 4030 e 4090.

No tocante aos accesos subterráneos en túnel á Central: prevese a súa realización pola estrada CP-2104 e 3.218 metros, afectando ao LIG GM023: Fosa tectónica e depósitos asociados de Meirama a 544 m, con un cruzamento do afluente do rego Barcés, atravesando uns 394 metros de zona de policía de leitos e a tan só 96 metros da edificación máis próxima.

En canto ao túnel de acceso principal: o túnel ten unha lonxitude de 2.099 m e conecta o resto das galerías de construción do proxecto.

En canto á galería á chimenea do túnel: prevese unha lonxitude de 396 metros.

No tocante aos accesos superficiais: prevese para os mesmos unha lonxitude de 1.597 m en dirección norte e situándose a menor distancia do carreiro existente PR- G 130. Uns 446 metros do acceso coinciden co carreiro PR- G 130 Meirama- Xalo-Meirama.

Prodúcese un cruzamento cun afluente do rego Barcés. A alternativa elixida pola mercantil promotora prevé a necesidade de tallas e adecuación do terreo para a instalación dos viais para o acceso de maquinaria e operarios: 1.253 m en zona arborizada. Prodúcese unha alteración do hábitat por presenza de maquinaria e operarios ao longo de 1,6 km.

En canto á liña de evacuación: prevé unha lonxitude de 7.740 m e 34 apoios. A lonxitude dos accesos aos apoios é e 4.660 metros.

Prodúcense 9 cruces con elementos da rede fluvial. Prevese a necesidade e tallas e adecuación do terreo para a instalación da LAAT e os accesos, uns 10.012 metros en zona arborizada e a alteración do hábitat por presenza de maquinaria e operarios ao longo de 7,7 km.

A Central Hidroeléctrica Reversible utiliza como depósito inferior o lago das Encrobas, o maior lago artificial do mundo cuxo vaso é a mina de lignito que abastecía á Central Térmica de Meirama, actualmente restaurada.

O lago dispón dunha capacidade de 148 hm<sup>3</sup> dos que se utilizarán 3,896 hm<sup>3</sup> para o uso hidroeléctrico, que se usarán nun circuíto pechado.

#### **DANOS IRREVERSIBLES E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA A PAISAXE, OS ECOSISTEMAS E OS RECURSOS HÍDRICOS:**

O proxecto supón a eliminación de boa parte do Monte de Caroliño, de parte do Coto das Bestas, dos cumes de Torreiro, parte do Xalo, a eliminación do cumo Pena Negra e o asentamento da nova balsa no nacemento do rego de Orca, coa conseguinte eliminación do cauce, e sobre as Brañas de San Bartolomé, brañas do Xalo e brañas das Gandareas. Esta parte adoptará as medidas pertinentes para depurar as correspondentes responsabilidades, incluídas as penais que puideran derivarse no caso de producirse danos irreparables para estes espazos de alto valor ecolóxico e paisaxístico.

O proxecto hidroeléctrico reversible de Meirama é inasumible desde o punto de vista ambiental, paisaxístico e social. A central reversible ten un impacto na paisaxe e nos hábitats difícil de asumir. A balsa de case mil millóns de litros de capacidade, unha central de turbinación, un salto artificial, os enormes desniveis cos que opera provoca un impacto sobre o territorio incompatible cos obxectivos climáticos.

#### **CONTEXTO NO QUE SE ENMARCA ESTE PROXECTO E A SÚA RELACIÓN CON OUTROS NA MESMA ÁREA XEOGRÁFICA:**

Na mesma área xeográfica están previstos os seguintes parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación e que ao mesmo tempo afectan ao lago das Encrobas e a súa entorna:

- **Parque eólico As Encrobas.**

Acordo do 30 de xullo de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do parque eólico As Encrobas, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña) (expediente IN408A 2020/93). DOG Núm. 158, de 18 de agosto de 2021.

- **Parque eólico Meirama.**

Acordo da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico do proxecto do Parque eólico Meirama, nos concellos de Cerceda, Carral e Ordes (A Coruña), (exp.IN408A 2018/27).

- **Parque eólico Cerceda** (en explotación) (Expediente IN661A 04/2).

- **Parque eólico Monte Inxeiro da mesma promotora Green Capital Power, S.L.**

Acordo do 22 de setembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Monte Inxeiro, nos concellos de Ordes e Cerceda (A Coruña) (expediente IN408A 2017/25). DOG Núm. 188, de 29 de setembro de 2021.

Neste mesmo proxecto inica a mercantil promotora:

*“La energía generada por el PE Monte Inxeiro se evacúa desde la subestación del parque a través de una LAT 220 kV que entronca en la “LAT 220 kV Campelo- Mesón”, esta última tramitada por otro Promotor formando parte de un proyecto independiente. El punto de conexión final del cluster es la SET Mesón do Vento 220 kV propiedad de REE. La evacuación del PE Monte Inxeiro hasta el entronque con la “LAT 220 kV Campelo-Mesón” en el apoyo nº83, así como las infraestructuras del PE Monte Inxeiro, forman parte del presente proyecto. No forman parte del presente proyecto el resto de las infraestructuras de evacuación hasta el punto final de conexión Mesón do Vento 220 kV”.*

Unha agrupación industrial empresarial é unha concentración xeográfica de compañías, organizacións e institucións relacionadas nun campo en particular que pode estar presente nunha rexión, estado ou nación. As agrupacións industriais xorden porque aumentan a produtividade dunha empresa, que está influenciada polos activos locais e a presenza de empresas similares, institucións e infraestrutura que a rodean. Estas agrupacións industriais contan con Plans industriais estratéxicos comúns. Sen embargo, no caso que nos ocupa, esta planificación estratéxica do Clúster que menciona a mercantil Green Capital Power, S.L. non foi obxecto da preceptiva avaliación ambiental estratéxica que prescribe a Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental. O resultado é, como no caso que nos ocupa, que se somete a exposición pública o Plan industrial común ao Clúster dividido en proxectos parciais ou independentes que favorece a simplificación da avaliación ambiental destes e a axilidade e eficiencia ou aforro na tramitación administrativa. Sen embargo, o artigo 5 da Lei 21/2013 define o estudo ambiental estratéxico como: *“Estudo ambiental estratéxico: estudo elaborado polo promotor que, sendo parte integrante do plan ou programa, identifica, describe e analiza os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente derivados ou que poidan derivarse da aplicación do plan ou programa, así como unhas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñan en conta os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do plan ou programa, co fin de previr ou corrixir os efectos adversos sobre o medio ambiente da aplicación do plan ou programa”.* E os Plans e Programas como: *“Plans e programas: o conxunto de estratexias, directrices e propostas destinadas a satisfacer necesidades sociais, non executables directamente, senón a través do seu desenvolvemento por medio dun ou varios proxectos”.* *“Declaración Ambiental Estratéxica: informe preceptivo e determinante do órgano ambiental co que finaliza a avaliación ambiental estratéxica ordinaria e que se pronuncia sobre a integración dos aspectos ambientais na proposta final do plan ou programa”.*

#### **Outros parques eólicos na entorna do proxecto:**

1. Pes Inditex (PE en explotación o autorizado)

2. Pes Arteixo (PE en explotación o autorizado)
3. Monteagudo (PE en explotación o autorizado)
4. Pes Laracha (PE en explotación o autorizado)
5. Pedrarrubia (PE en explotación o autorizado)
6. Carboeiro (PE en Tramitación)
7. Picoto (PE en Tramitación)
8. Pena Galluda (PE en explotación o autorizado)
9. Coto Loureiro (PE en Tramitación)
10. Pico Cerdeira (PE en Tramitación)
11. Pes Cerceda (PE en explotación o autorizado)
12. Meirama (PE en Tramitación)
13. Monte Inxeiro (PE en Tramitación)
14. Solpor (PE en Tramitación)
15. Gasalla (PE en Tramitación)
16. Xalo (PE en Tramitación)

Ademais nas proximidades da localización do Proxecto, sitúase a canteira Canarga.

Ao anterior hai que engadir a rede de estradas existente na zona e os novos viais e camiños previstos tanto nos proxectos eólicos de Meirama como neste das Encrobas:

- N-550
- AC-222
- AC-223
- AC-400
- AC-523
- AC-542

☞ **Posible fraude de lei e desviación de poder que non debera ser amparada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, órgano substantivo e o Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico:**

A mesma empresa promotora Green Capital Power, S.L. ten varios proxectos enerxéticos para a mesma área xeográfica polo que debera someterse o seu Plan industrial enerxético no seu conxunto á preceptiva avaliación ambiental estratéxica.

☞ **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interés público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social. Cerceda pasou de máis de 7.500 habitantes nos anos 70 a pouco máis de 5.000 en 2021. É dicir, é incontestable que a aposta por actividades que xeran emprego industrial con gran impacto ecolóxico non logrou deter, polo menos en Cerceda, a sangría demográfica a medio prazo. O concello perdeu aproximadamente o 34% dos seus habitantes desde que a famosa revolta veciñal contra a instalación da mina de carbón a finais dos 70.

O proxecto e a súa infraestrutura de evacuación fragmenta os hábitats, os ecosistemas e implica directamente a perda de biodiversidade. Existen outros parques eólicos e infraestruturas diversas no mesmo ámbito xeográfico. O parque proxectado transforma as paisaxes de mosaicos agro-forestais e de montaña nunha paisaxe inhóspita de marcado carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión.

Por outra banda, o proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios e peculiares para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico do parque e que resultan obviadas pola mercantil promotora como:

Monte Xalo, Alto do Xalo, Alto do Anxelio, Monte de Caroliño, San Bartolomé, Pena Negra, Torreiro, Gandareas, Pedras Campaíñas, Monte das Moas, A Pena Viuva, Coto do Río, Bidueiros, Cova, Cova de Arriba, Pena Arada, Pena Redonda, Fontiñas, Fontás, Gato Fero, Coto de Lucín, Pedra Cabalgada, Loureiro, Revolta Chan, Zoriga, Coto de Guichar, Gote, O Cotiño, Pedra Mazafache, Granxa, Lamas Maiores, Gontón...etc.

☞ **FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO, DOS HÁBITATS E PERDA DE BIODIVERSIDADE.** Impacto non avaliado. Falla de avaliación global e conxunta da totalidade dos plans sectoriais e infraestruturas existentes ou pervistas nos municipios afectados.

- Cerceda:

- Plan Sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
- Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia
- MP 1º do Plan Sectorial de Ordenación de Áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia
- L.A. T. 220 kV Mesón-Vimianzo
- Gasoduto Mugardos-Betanzos-AbegondoSabón (tramos I e II) e ramal á CCC de Meirama.
- Modificado do proxecto sectorial Gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo- Sabón (tramos I e II) e ramal á CCC de Meirama.
- Ampliación da entulleira de Areosa
- Parque Empresarial de Cerceda - Carral:
- Plan Sectorial hidroeléctrico das concas hidrográficas de Galicia-Costa
- Modificado do Proxecto Sectorial do gasoduto Mugardos, Betanzos, Abegondo, Sabón (Tramos I e II) e Ramal á CCC de Meirama
- Gasoduto Mugardos-Betanzos-Abegondo Sabón (tramos I e II) e Ramal á C. C. C. de

Meirama

Ao anterior hai que engadir a mancha de tendidos eléctricos que hai na zona afectada e outras infraestruturas industriais:

Debido á proximidade da Central Térmica de Meirama, existen diferentes liñas de alta Tensión. Unha das liñas comunica a Central Térmica coa edificación da Incineradora e crúzase coas infraestruturas de evacuación dos parques en tramitación.

Todas estas infraestruturas fragmentan os hábitats e producen feísmo paisaxístico vulnerando o Convenio europeo da Paisaxe, cuxo propósito é animar ás autoridades públicas a adoptar políticas e medidas a escala local, rexional, nacional e internacional para protexer, planificar e xestionar as paisaxes europeas con vistas a conservar e mellorar a súa calidade e levar ao público, ás institucións e ás autoridades locais e rexionais a recoñecer o valor e a importancia da paisaxe e a tomar parte nas decisións públicas relativas ao mesmo, tendo sempre en conta a opinión da cidadanía, feito que non se produciu neste caso en relación a este parque.

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUIFEROS:**

*O obxecto da presente Directiva é establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que:*

- a) *preveña toda deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e húmidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos.*

Existen moitos cursos de auga e diverso patrimonio etnográfico vencellado ao mesmo obviados e non avaliados por tanto pola mercantil promotora. Velaquí algúns exemplos:

O proxecto tal e como está documentado eliminaría o rego de Orca. Pero ademáis a construción do túnel afectaría ao regon innominado que nace na Paraxe da Cova, parcela 185 do polígono 13, que logo rega as paraxes de Chousa dos Niveles, Ramofeito, Decoita, Banda, Figueira, Corna, Prado do Muíño, Herbal de Freixal, O Gontón...etc. ata tributar as súas augas no lago das Encrobas.

Por outra banda, cómpre ter en conta que hai moitos cauces que tributan no lago das Encrobas como o rego da Porta Antiga, o rego innominado que nace na paraxe e Loureiro (polígono 12 parcela 308)...etc.

Río Barcés, río da Cabra, rego de Morzós, rego do Coto, Fonte Verde Abaixo, rego da Croeda, rego de Goldreos, rego da Tarroeira, rego da Porta Antiga, Fonte dos Perdigóns, rego de Mende, rego de Freixedo, Pontellas (polígono 15, parcela 306), regato Pequeño e á súa beira o Curro do Muíño (polígono 40 parcela 251), O Porto Vello (parcela 249 do polígono 40), lagoa de Camposa, Chousa do Muíño (polígono 19 parcela 234), Porto (polígono 19, parcela 204), Prado do Muíño, Presa (polígono 15, parcela 431), Porto Antigo, Chousa dos Muíños, Batán Vello, Ponte Fernandías, o Lagueiro do Liño, Fonte das Meigas, Riba do Souto, Fonte, Regueiro Pequeño, Fonte Verde.

- ☞ **Afección severa a brañas e húmidais presentes na zona. Prexuízos significativos e irreparables para estes. Afección significativa e severa a lagoas, gándaras, regueiros, cavorcos, brañas e húmidais:**

A mercantil promotora non realiza unha caracterización destes elementos. Cómpre ter en conta que a balsa de nova creación localízase nas brañas das Gandareas e nas brañas de San Bartolomé, onde nace o rego de Orca. A falla de mapas con escalas máis detalladas das infraestruturas previstas, os documentos presentados pola promotora indican que a balsa ubicaríase sobre un cauce e húmidais tipo braña coas consecuencias nefastas que isto implicaría para a biodiversidade e o cambio climático.

- ☞ **Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood: \*\*Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.**

*“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.*

**Afección significativa a Espazos Naturais Protexidos:**

1. ZEC “Encoro de Abegondo - Cecebre”
2. ZEC “Betanzos - Mandeo”
3. ZEC “Río Tambre”
4. ZEPA “Costa da Morte Norte”
5. ENIL “Río Abelleira”
6. ENIL “Ribeiras do Mero - Barcés”
7. IBA “Costa da Morte Norte”
8. Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

- ☞ **Afección severa e irreversible ás Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), recollidas no artigo 9.3. da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección de paisaxe de Galicia, que son identificadas polo seu alto valor natural e cultural:**

AEIP “Monte do Xalo” e as demais paisaxes peculiares e identitarias xa indicadas.

☞ **Afección significativa a humidais entre os que figuran:**

Cova de Foucellas

Encoro de Pumariño,

Encoro de Vilasenín

Lago Meirama ou Lagoa de Cerceda

As Brañas xa mencionadas anteriormente: Gandareas, Xalo e San Bartolomé.

☞ **Prexuízos singificativos para os seguintes hábitats prioritarios e de interés comunitario:**

\*3110: Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo (*Littorelletalia uniflorae*) \*4020\*: Brezais húmidos atlánticos \*4030: Brezais secos europeos 9230: *Quercus robur* e *Quercus pirenaica*, 7110\* Turbeiras altas activas, \*91E0\*: bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*.

☞ **Afección significativa e irreversible á avifauna:**

Anfibios

- *Chioglossa lusitanica* (V)
- *Hyla arborea* (V)
- *Rana iberica* (V)
- *Rana temporaria* subsp *parvipalmata* (V)

Aves

- *Circus pygargus* (V)
- *Emberiza schoeniclus* subsp *lusitanica* (E)

Mamíferos

- *Galemys pirenaicus* (V)
- *Myotis bechsteini* (V)
- *Rhinolophus ferrumequinum* (V)
- *Rhinolophus hipposideros* (V)

☞ **Afección significativa e prexuízos irreversibles para a Reserva da Biosfera:**

O proxecto afectaría a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Madeo”.

☞ **Prexuízos significativos e incompatibles para a especie en perigo de extinción Escribenta das Canaveiras:**

A Xunta de Galicia, tras darse a si mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción. A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parques eólicos ou incluso complexos eólicos ou plans industriais de desenvolvemento eólico como é este caso, que afectan a esta especie con charcas, brañas e humidais cuxo perímetro están sen determinar, como é o presente caso, e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as

mercantís promotoras eólicas como é este caso. Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que: "2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do periodo indicado. O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que: "A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto". "Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando. "A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndoas viables". O proxecto eólico constitúe un risco para a especie. O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. lusitánica Steinbacher) en Galicia indica: "A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reproductora superior a 112 parellas". Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade. No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus* lusitánica en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar adar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta. Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. "Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reproductoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos", advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

#### ☞ **Prexuízos significativos e danos irreversibles para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Non se siguen os criterios dos expertos que indican:

*• Recoméndase que na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido.*

*• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evitese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución".*

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II "Especies de fauna estritamente protexidas", constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica. O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

☞ **\*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental:**

Deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...

**\*A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.**

**\*A promotora obvia a importancia económica da produción de castaña en réxime ecolóxico polo que respecta á afección aos soutos.**

☞ **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. Así os apoios da liña de evacuación, a maioría deles, prevense localizalos sobre explotacións forestais e madeiras. As infraestruturas localízanse sobre vexetación que se corresponde con explotacións forestais e madeiras formando un mosaico con cultivos forraxeiros que abastecen ás granxas familiares que hai nos núcleos rurais afectados, e que constitúen o medio de vida das familias que viven e residen neles.

Como ben indica o artigo 25 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

*“O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostibles para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.*

☞ **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:**

**A mercantil promotora obvia o impacto socioeconómico do proxecto nas rendas e no medio de vida das familias que viven e residen nos núcleos afectados polo proxecto.**

Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madeiras e as agro – gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a Xunta de Galicia, ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no caso dos parques eólicos As Encrobas, Meirama, Monte Inxeiro e o proxecto hidroeléctrico reversible da mesma promotora, o rexeitamento social é masivo.

A mercantil promotora non avalía o impacto paisaxístico do proxecto para todos os núcleos habitados. A mercantil promotora non avalía a afección paisaxística ao Petón de Carral, onde xa hai dúas liñas eléctricas que o atravesan co conseguinte feísmo paisaxístico e a industrialización dunha entorna que pasaría de mosaicos agrarios a unha paisaxe eminentemente industrial cos parques eólicos Meirama, Monte Inxeiro, Cerceda e Ás Encrobas. Cómpre ao respecto indicar que existen alomenos cincocentos treinta e un núcleos afectados por todo este entramado de parques eólicos, infraestruturas de evacuación e agora o proxecto hidroeléctrico reversible Meirama, de 366,46 MW, e a súa infraestrutura de evacuación, e por tanto, con afección ao benestar das familias que viven e residen neles. De feito este proxecto afecta ás familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos de Castro, As Cavadas, O Castelo, Loureiro, Lucín, As Encrobas, Urbanización do Xalo e do Castelo, Monte das Moas, A Ermida, Picardel, Travesía, Os Vilares, Vilariño, parroquia de San André de Meirama, Arroio, Figueira, Leira da Eira, Fieitosa, Río, Fieiteira, Cardíño, Hortas da Fonte, A Quintán, Paradela, Brozo...etc.

Pero ademais hai un conxunto de núcleos que están afectados pola totalidade dos proxectos enerxéticos arestora en tramitación como:

- |                     |                     |                             |
|---------------------|---------------------|-----------------------------|
| 1. A Cabra          | 28. Outeiro         | 55. Lale                    |
| 2. Lucín            | 29. Beira           | 56. A Agrela de San Vicente |
| 3. A Eirexa         | 30. Rubieiro        | 57. Fontemaior              |
| 4. Meán             | 31. Belvís          | 58. A Altiboia              |
| 5. A Enfesta        | 32. Xalo            | 59. Froxil                  |
| 6. Montecelo        | 33. Bordel          | 60. A Aspra                 |
| 7. A Horta do Conde | 34. Cabrois         | 61. Gobia                   |
| 8. Montemeán        | 35. Outra Aldea     | 62. A Atalaia               |
| 9. A Paioca         | 36. Camiño Do Casal | 63. Insuaboa                |
| 10. Novás           | 37. Paiolante       | 64. A Azoreira              |
| 11. A Ponte Lago    | 38. Celas           | 65. Lapa                    |
| 12. Arroio          | 39. Paradela        | 66. A Bailía                |
| 13. A Poza          | 40. Chamoso         | 67. Lavandeira              |
| 14. Batán           | 41. Porriño         | 68. A Baixa                 |
| 15. A Ribeira       | 42. Cimadevila      | 69. Liñares                 |
| 16. Campo da Aldea  | 43. Pousada         | 70. A Calle                 |
| 17. A Tarroeira     | 44. Esperante       | 71. Longo                   |
| 18. Casal           | 45. Salgueiros      | 72. A Calle                 |
| 19. Ans de Tellado  | 46. Fócanos         | 73. Loureda                 |
| 20. Castelo         | 47. Souto           | 74. A Calzada               |
| 21. As Ameixeiras   | 48. Figueira        | 75. Mato Grande             |
| 22. Cepedo          | 49. Gundisal        | 76. A Cañoa                 |
| 23. As Cavancas     | 50. Vilasuso        | 77. Meirama                 |
| 24. Curro de Beira  | 51. Guntín          | 78. A Carballeira           |
| 25. As Encrobas     | 52. Xocín           | 79. Meitufe                 |
| 26. Curro de Herves | 53. Herves          | 80. A Carballeira           |
| 27. As Teixoeiras   | 54. Xontes          | 81. Morgade                 |

82. A Cerdeira	132.Adrán	182.San Roque
83. Morzós	133.Pedrido	183.Cima Arriba
84. A Eirexa	134.Aián	184.Seoane
85. Nabeiras	135.Penedo	185.Cobazas
86. A Espiñeira	136.Aquelabanda	186.Sigrás de Arriba
87. Abruñedo	137.Penedo	187.Codeseda
88. A Ferradura	138.Ardexurxo	188.Silvar
89. Acevedo	139.Piñeiro	189.Coiro
90. A Fonte Cuntín	140.Argonte	190.Sobrecarreira
91. Barral	141.Piñeiro	191.Condes
92. A Fracela	142.As Salgueiras	192.Sobrepíñeiro
93. Batán	143.Rueiro	193.Cornedo
94. A Grela	144.As Táboas	194.Tarroeira de Paleo
95. Campo da Feira	145.Vilar	195.Couto
96. A Igrexa	146.Orellán	196.Toroño
97. Canedo	147.Astande	197.Covelo
98. A Lagoa	148.Os Bedugos	198.Vilamouro
99. Casal	149.Bacelo	199.Currelos
100.A Mella	150.Os Bulleiros	200.Vilar
101.Castelo	151.Bailía	201.Enxertos
102.A Picota	152.Os Campóns	202.Vilar
103.Corgo	153.Balvís	203.Escaravelleira
104.A Ponte de Alvedro	154.Os Condes	204.Vilaverde
105.Culebrón	155.Barbeito	205.Esperón
106.A Ponte de Cela	156.Os Currás	206.Vista Real
107.Drozo	157.Beade	207.Folgueira
108.A Portela	158.Outeiro de Abaixo	208.Vista Real
109.Esperón	159.Bidual	209.Folgueira
110.A Poza	160.Outeiro de Arriba	210.Xermar
111.Estanco	161.Boimir	211.Fonte Da Vila
112.A Raíña	162.Parada	212.Xián
113.Gaiteiro	163.Borreiros	213.Fontefría
114.A Ramalleira	164.Pazos	214.A Agrela
115.Lago	165.Brille	215.A Caneta
116.A Regueira	166.Perra	216.A Aldea
117.Lodeiro	167.Cabanas	217.A Capela
118.A Revolta	168.Piñeiro de Arriba	218.A Ameixeira
119.Lodeiro	169.Calvelos	219.A Casagrande
120.A Ribeiriña	170.Presedo	220.A Armucela
121.Marco	171.Cambela	221.A Casanova
122.A Tarroeira	172.Quenllo	222.A Baiuca
123.Monte	173.Cañás	223.A Casanova
124.A Torre	174.Quintán	224.A Baiuca de Pulleiro
125.Monte	175.Carral	225.A Casanova
126.A Torre	176.Reboreda	226.A Barcala
127.Outeiro	177.Casanova	227.A Casaqueimada
128.A Veiga	178.Río Brexo	228.A Braña
129.Outeiro	179.Castelo de Abaixo	229.A Casavella
130.Adina	180.Samede	230.A Brea
131.Outeiro	181.Cerneda	231.A Chá

232.A Cachavella	282.Ambroa	332.Fondo Da Aldea
233.A Coruña	283.A Lagarteira	333.Cabanas 3
234.A Costa	284.Andrís	334.Fontemouro
235.A Ponte Quinín	285.A Lamela	335.Cabanelas
236.A Costa	286.Apeadeiro	336.Formarigo
237.A Porta Santa	287.A Lata de Abaixo	337.Caboladrón
238.A Costa	288.Arcai de Abaixo	338.Fraís
239.A Portela	289.A Mota	339.Calobre
240.A Costa	290.Arillo	340.Franzomel
241.A Poza	291.A Pedreira	341.Campo Soandres
242.A Cova	292.As Bouzas	342.Gandarela
243.A Rocha	293.A Pedreira	343.Cances
244.A Covada	294.As Casas Novas	344.Gas
245.A Rúa	295.A Pedreira	345.Caraña de Abaixo
246.A Edreira	296.As Corredoiras	346.Gasalla
247.A Sobreira	297.A Pereira	347.Caraña de Arriba Godón
248.A Eirexe	298.As Leiras	348.Caraña do Medio
249.A Taberna	299.A Pezoca	349.Gomesende
250.A Escaravelleira	300.As Pardiñas	350.Carballadrade
251.A Teixoeira	301.A Poceira	351.Guiliade
252.A Espenica	302.As Rañeiras	352.Castelo
253.A Telva 158	303.A Ponte	353.Illobre
254.A Ferrala	304.As Rapadas	354.Castrelo
255.A Tenda 0	305.A Quenlla	355.Castrillón
256.A Ferraría 9	306.As Tablas	356.Lavandeira de Baixo
257.A Torre 67	307.A Raposeira	357.Castro
258.A Fonte	308.As Valías	358.Leirou
259.A Torre	309.A Rega	359.Castro
260.A Fontenla	310.Augalada	360.Lendoiro
261.A Veiga	311.A Regueira de Arriba	361.Cesuras
262.A Fontenla	312.Baldomir	362.Limiñón
263.A Xesteira	313.A Ribeira	363.Choride
264.A Fortaleza	314.Baraio	364.Lista
265.A Xesteira	315.Baxoia	365.Chouselas
266.A Fraga	316.Covo	366.Loureda
267.A Zapateira	317.Belsar	367.Coirón
268.A Fraga	318.Cristín	368.Lourido Grande
269.Abeleiras de	319.Bendrade	369.Coirós de Arriba
270.Abaixo	320.Ermida	370.Lourido Pequeno
271.A Gándara	321.Betanzos Vello	371.Condús
272.Alborín	322.Fernandelo	372.Mandín
273.A Hedreira	323.Bidueiros	373.Cordeda
274.Aldea de Arriba	324.Figueredo de Arriba	374.Mariñán
275.A Igrexa	325.Bos	375.Cortes
276.Alvite	326.Folgozo	376.Mediavila
277.A Igrexa	327.Bribes Pequeno	377.Coruxo
278.Amande	328.Fondevila	378.Méixome
279.A Igrexa	329.Brufe	379.Cos
280.Amarante	330.Fondevila	380.Mera
281.A Igrexa	331.Buño	381.Costa de Ouces

382.Nosiño	432.Pazo	482.Os Loureiros
383.Cotá	433.Conde	483.San Paio
384.Aguiúncho	434.Pazo	484.Oseiro
385.Covas	435.Coroto	485.San Román
386.Francés	436.Pedrouzo	486.Paradela
387.Alto	437.Corral da Igrexa	487.San Sadurniño
388.Freixeiro	438.Pereiro	488.Paredes
389.Amilladoiro	439.Couso	489.Santa Locaia
390.Grixario	440.Piñeiro	490.Pazo
391.Arganal	441.Couto	491.Santaia
392.Igrexario	442.Pomariño	492.Pecenín
393.Barral	443.Covelo	493.Sarro
394.Igrexario	444.Pombo	494.Pedrarrubia
395.Bosque	445.Covelo	495.Seixeda
396.Lameiro	446.Porto	496.Peirao
397.Briallo	447.Cruceiro Novo	497.Seixurra
398.Loureiro	448.Pousadoiro	498.Penamoia
399.Cal	449.Empalme	499.Sesto
400.Maseo	450.Ramo	500.Perillo
401.Campamento	451.Espírito Santo	501.Sisaldo
402.Mato	452.Rueiro	502.Piadela
403.Campo da Porta	453.Ferrador	503.Sobre A Igrexa
404.Moneco	454.Seixal	504.Pintán
405.Campo da Ran	455.Fontao	505.Sobre Dos Campos
406.Monte	456.Seixo	506.Piñeiro
407.Campo do Souto	457.Forte	507.Sobreguexe
408.Mosteiro	458.Souto	508.Piñeiro
409.Campo Xesteda	459.Quistilán	509.Soutelo
410.Ouro	460.Toural	510.Piñeiro
411.Canle	461.Ramonde	511.Souto
412.Outeiro	462.Verdeal	512.Porpalla
413.Caño	463.Raxás	513.Souto da Igrexa
414.Outeiro	464.Vieiro	514.Porta Dos Condes
415.Carballal	465.Raxide	515.Soutozar
416.Outeiro	466.Vilar	516.Portociños
417.Carballal	467.Rebordelos	517.Tieira
418.Outeiro	468.Oleiros	518.Porzomillos
419.Carballal	469.Oleiros	519.Tiñoso
420.Outeiro	470.Reboredo	520.Pousada
421.Carballo	471.Os Campós	521.Torre
422.Paraxal	472.Rorís	522.Punxeiro
423.Carril	473.Os Canedos	523.Vilarensal
424.Paraxón	474.Ruanova	524.Vilar
425.Casal	475.Os Carrás	525.Vilela
426.Pastel	476.Sabón	526.Vilar de Corna
427.Castillo	477.Os Curros	527.Vivente
428.Pazo	478.Salgueiros	528.Vilar de Locrendes
429.Castiñeiro	479.Os Ferreiros	529.Vixide
430.Pazo	480.San Bartolomeu	530.Vilarbó
431.Codesal	481.Os Lagos	531.Xoez

O principal núcleo de poboación afectado paisaxisticamente corresponde A Coruña, con 213.516 habitantes.

☞ **Afección severa e irreversible aos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL). Quebra da conectividade ecolóxica, fragmentación de hábitats e perda de biodiversidade. A maior abundamento hai que ter en conta o incremento do feísmo paisaxístico que a acumulación de infraestruturas industriais produce ao redor destes espazos de alto valor ecolóxico:**

- "Río Abelleira".

- "Ribeiras do Mero - Barcés".

☞ **Afección significativa e irreversible para o Camiño de Santiago\_ Camiño Inglés. Afección severa e irreversible para as paisaxes que rodean á vía cultural histórica. Descontextualización irreversible e danos para a hostalería e o turismo.**

Non avaliado pola mercantil promotora.

☞ **XERACIÓN E INCREMENTO DO FEÍSMO PAISAXÍSTICO. DANOS E AFECCIÓNS IRREVERSIBLES PARA O BENESTAR E A SAÚDE DAS FAMILIAS QUE VIVEN E RESIDEN NOS NÚCLEOS RURAIS AFECTADOS.**

A afección paisaxística tamen é severa para os seguintes elementos:

• Igrexas.	*Montouto (Santa Cristina)	* Veiga (San Silvestre)
* Mercurín (San Clemente)	*Presedo (Santa María)	* Vigo (Santa María)
*Leira (Santa Mariña)	* Meirama (Santo André)	* Andeiro (San Martiño)
*Ardemil (San Pedro)	*Quembre (San Pedro)	*Ledoño (San Pedro)
*Visantoña (San Martiño)	* Cerneda (San Salvador)	* Sueiro (Santo Estevo)
* Bruma (San Lourenzo)	* Cabanas (San Xíán)	*Brexo (San Paio)
*Queixas (Santa María)	* Figueroa (San Miguel)	*Meixigo (San Lourenzo)
*Loureda (Santo Estevo)	*Abegondo (Santaia)	* Sésamo (San Martiño)
* Vizoño (San Pedro)	* Sarandañas (Santa Maraña)	* Anceis (San Xoán)
*Vilacova (San Tomé)	* Paleo (Santo Estevo)	*Bribes (San Cibrán)
*Paderne (Santiago)	*Soandres (San Pedro)	* Orro (San Salvador)
*Cerceda (San Martiño)	* Cañás (Santa Baia)	* Sigrás (Santiago)
*As Encrobas (San Román)	*Castelo (Santiago)	*Culleredo (Santo Estevo)
* Sumio (Santiago)	* Mabegondo (San Tirso)	* Cambre (Santa María)
* Leiro (Santaia)	* Tabeaio (San Martiño)	• Pazos
* Viós (San Salvador)	*Sergude (San Xulián)	*Pazo do Piñeiro
*Folgozo (Santa Dorotea)	* Vigo (San Vicente)	* Pazo de Aián
*Beira (Santa Mariña)	* Celas (Santa María)	*Pazo de Sigrás

* Pazo de Sobre Carreira	* Pazo de Lavandeiras	• Xacementos arqueolóxicos
* Pazo de Drozo	* Pazo de Quembre	* Asentamento Torreiro do Río
*Pazo de Anceis	*Castelo, torre ou fortaleza	*Mámoa da Covada 1
* Pazo de Andeiro	* Torre de Celas	*Mámoa da Covada 2
* Pazo de Brexo	*Casa Grande	*Mámoa da Covada 3
* Pazo de Santa María de Vigo	* Casa de Felipe II	*Castro de Cillobre
*Pazo de Balbén	*Casa dos Ferrer	*Castro de Sigrás
*Pazo de Reboredo	*Casa de San Fernando	*Asentamento A Estima dá Vella
*Pazo dá Riberia	*Casa dúas Lembeye	* Ponche Alvedro
* Pazo de Vilasuso	• Bens de Interese Cultural	• Miradoiros:
*Pazo de Quiroga	* Torre de Andeiro	* Miradoiro sobre a Mina en Meirama
* Pazo de Pastoriza	*Torre de Figueiroa	* Monte Xalo
* Pazo de Figueroa	* Torre de Peto Bordel	• Carreiros
* Casa de Barral	*Torres de Viso	PR- G 130 Meirama- Xalo-Meirama
*Casa de Peito Bordel	*Dolmen de Cabaleiros	PR- G 101 Roteiro Mariñán Costa dá Égoa
* Pazo de Vilacova	*Torre de Boado	PR- G 17 Arredor de Cambre
*Pazo de Loureda	*Torre de Valbén	PR- G 117 Roteiro da Fraga aos Muíños
*Pazo de Codeseda	*Torre de Celas	
PR- G 131 Cerceda- Portobrea		

☞ **Impacto significativo e severo sobre o patrimonio. Descontextualización irreversible deste.**

RE15021001 CAZOLETA DO MONTE DA ARCA ABERTA 1.

RE15021002 CAZOLETA DO MONTE DA ARCA ABERTA 2.

TOP 01 MONTE DA ARCA ABERTA.

TOP 01 MONTE DA ARCA ABERTA.

✓ Castro Detorre / dá Torre. Tipo de ben: castro e outros xacementos da idade do ferro. Catálogo da Xunta e do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Cód. RI.000003295. Situado a 911 m ao Leste do aeroxerador EN-01.

✓ San Román das Encrobas. Tipo de ben: igrexa bajomedieval. Catálogo da Xunta e do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Situada a 779 m ao Oeste do aeroxerador EN- 04.

✓ Igrexa Santiago de Sumio. Tipo de ben: igrexa de idade moderna (s. XVI- XVIII).

✓ Capela do Pazo de Vilasuso. Tipo de ben: Iglesia, pazo / casa grande de idade moderna (s. XVI- XVIII). Inventario de Bens Patrimoniais da Xunta. Cód. RI.000003303. Situada a 713 m ao sueste do aeroxerador EN-02.

✓ Parque do Pazo de Vilasuso. Tipo de ben: pazo / casa grande de idade moderna (s. XIX); paisaxe histórica-cultural. Catálogo da Xunta e do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Situado á mesma distancia e dirección do aeroxerador EN-02.

A mercantil promotora non avaliou os muíños fariñeiros de auga existentes nos cauces nin as pontellas, nin as presas, nin os portos fluviais (O Porto e O Porto Vello), obviando o patrimonio etnográfico existente á beira ou sobre a multitude de cauces e fontes que existen na área de afección do proxecto. E obviando outros como o Batán Vello e o Lagueiro do Liño.

☞ **Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar pola mercantil promotora.**

☞ **Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente:**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómake centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación dos eólicos proxectados do PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións das balsas, os desniveis, construción de túneles,...etc., diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

“1. Terán a condición de chan rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.

Así, o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”, pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: “Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”, sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descritas no proxecto hidroeléctrico reversible meirama, de 366,46 mw, e a súa infraestrutura de evacuación.

### **Conclusión:**

O PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN proxeitado é incompatible cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións e obras de construción xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que, a perda da cuberta vexetal e dos humidais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual e potencial de xeito irreversible. Produciríase unha transformación urbanística non amparada legalmente.

### **NOVENA.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN**

A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso pomenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN é incompatible. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico de protección forestal, chan rústico de protección de cauces, o chan rústico de protección paisaxística e o chan rústico de protección de espazos naturais.**

“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia”.

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos os dous tipos gozan da protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

**Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser, por tanto, nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.**

### **DÉCIMA.- A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

### **SOLICITA:**

1.- O rexeitamento do PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenzia social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN (Código de Avaliación Ambiental: 20210438. Código para o Órgano Substantivo: CHIDR-035) E PROGRESO DA MESMA, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENAS), ASÍ COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono e que o presente proxecto afecta a hábitats prioritarios, turbeiras, brañas e humidais.

4.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.

5.- Que por parte do Consello da Cultura Galega, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre a compatibilidade do PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA

INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial ou CLÚSTER nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección.

6.- Que por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso enerxético e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial ou clúster de empresas nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego (artigo 5 da Lei de Montes de Galicia).

7.- Que por parte da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia se informe sobre a prevalencia do uso agro -gandeiro sobre o uso enerxético e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada polo PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e os demais parques xa instalados e en trámite tanto da mesma mercantil promotora como doutras, en tanto en canto o sector agro -gandeira dinamiza o mundo rural, xera emprego estable e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

8.- Información sobre das axudas públicas e contías recibidas pola empresa promotora e as demais empresas do mesmo grupo empresarial ou CLÚSTER, tanto do Estado español como do Banco Europeo de Inversións ou calquera outra Administración pública para o desenvolvemento do PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e os demais parques que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste e obxecto doutros expedientes independentes, e que pese a súa vinculación entre eles, non foron obxecto de avaliación ambiental conxunta como corresponderá, obviándose así a participación pública na avaliación ambiental do conxunto de proxectos vencellados ao mesmo grupo empresarial e para o mesmo ámbito xeográfico.

9.- Sométase a avaliación ambiental estratéxica o Plan industrial de desenvolvemento eólico e enerxético que a mercantil promotora e as demais empresas que esta referencia no proxecto, como compoñentes dos mesmos intereses e do mesmo clúster empresarial á preceptiva avaliación ambiental preceptiva da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

10.- Que por parte do ICOMOS se avalie e informe sobre o grao de compatibilidade do Camiño de Santiago de Compostela co PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e os demais parques eólicos e instalacións eólicas das empresas do Clúster empresarial que referencia á mercantil promotora e os parques instalados ou previstos na área xeográfica de incidencia deste proxecto sobre da vía cultural histórica referenciada.

11.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Administración do Estado, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo tanto ao PROXECTO HIDROELÉCTRICO REVERSIBLE MEIRAMA, DE 366,46 MW, E A SÚA INFRAESTRUTURA DE EVACUACIÓN e os demais parques eólicos que prevé desenvolver o mesmo grupo empresarial nas proximidades xeográficas deste e os demais parques xa instalados ou en tramitación existentes ou previstos para a mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

12.- Téñase en conta que o lago das Encrobas é arestora un ben público cuxa función primordial é o abastecemento de auga ás áreas urbanas e núcleos da entorna e a súa área de influencia, cumpre con importantes funcións ambientais e sociais. Despois de anos e anos de privatización dun espazo como este por fin convértese nun espazo público. A prevalencia dos usos actuais nun momento de cambio climático acelerado como é o abastecemento de auga potable á área metropolitana da Coruña, a falla de execución da II Fase das obras de abastecemento do encoro de Cecebre e a falla de licenza social. O destino do lago das Encrobas debe reservarse para usos públicos prevalentes como é o actual e potencial abastecemento de auga potable á área metropolitana da Coruña e áreas limítrofes, o uso ambiental e o uso social e recreativo. O destino e uso do lago das Encrobas como espazo natural de alto valor ambiental e reservorio de especies de fauna e flora, adoptando as medidas necesarias e

preservando o espazo nun estado de conservación favorable que contribúa á preservación dos recursos hídricos e a combatir as secas e o cambio climático acelerado que estamos a sufrir e o uso do lago das Encrobas como espazo natural de lecer e recreativo para toda a cidadanía de forma libre e gratuita.

Cerceda, 4 de decembro de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_